

# NOT A PRETTY PICTURE

# 1259

Martha Coolidge, 1976

ESTREA EN NUMAX: 22.04.2024 | V.O.S.E. | +16 | 86 min

En 1962, aos 16 anos, a directora Martha Coolidge foi violada durante unha festa por parte dun compañeiro de clase maior que ela. Doce anos máis tarde, a cineasta examina esta agresión sexual vivida en carne propia e recrea as circunstancias que a rodearon cun grupo de actores nun loft de Nova York. Unha película pioneira sobre a cultura do abuso e as súas consecuencias, que segue hoxe tan vixente como entón.

«Unha película terrible e exemplar sobre a cultura do abuso. Unha obra imprescindible»

Paula Arantzazu Ruíz, CINEMANÍA



## Unha experiencia compartida

*Por Martha Coolidge*

Nos anos setenta eu era directora de documentais e daba conferencias participaba no Flaherty Film Seminar. No seminario reuníase un grupo de cineastas para falar de películas, e unha vez proxectaron a curtametraxe de Mitchell Block ...*No Lies* (1973), que trataba dunha moza que conta ao cineasta, fóra da pantalla, a súa experiencia de ser violada, e rodado ao estilo dunha entrevista de cinema vérité. O cámara é un personaxe ao que nunca se ve e que filma á muller no seu apartamento, preparándose para saír cando, de súpeto, ela confíalle esa experiencia de violencia sexual. O que Block mostra é ao cámara explotando á moza nesa revelación. A película suscitou un gran debate no grupo, e pareceume que en realidade había tres tipos de explotación: a explotación da actriz por parte do cámara, a explotación do personaxe por parte do violador e a explotación do espectador, que se ve arrastrado a unha morbosa película de violacións que non debería ser para nada excitante. Foi algo do que tomei nota e pensei que podería facelo mellor.

Antes desa proxección, non pensara en filmar o que me pasara, pero cando o fixen, o primeiro no que pensei foi no formato. Pensei que a miña película necesitaba ser unha experiencia compartida, na que as persoas que traballasen nela falasen das súas propias experiencias persoais, igual que un director fala cos seus actores ou como os actores falan entre si. Tamén tiven que recuperar os meus recordos persoais da experiencia, de maneira arquivística, e traballar para que os recordos non volvesen e me fixesen sentir que non debía facer a película. Despois diso, enseguida dei co concepto de combinar escenas narrativas con escenas documentais sobre a realización da película. Así é como o expliquei cando enchín unha solicitude para unha subvención, e despois de recibir o diñeiro do American Film Institute (AFI), atopamos un patrocinador adicional que igualou a cantidade que recibira da subvención. Ao final, fixen *Not a Pretty Picture* cuns 50.000 dólares.

Rodei gran parte da película na cidade onde vivía naquel momento, con amigos da Universidade de Nova York e con organizacións que axudei a fundar, como a Asociación de Videastas e Cineastas Independentes (AIVF). O primeiro que rodamos foi a escena da violación, con todos os actores xuntos nun loft de Nova York. Tivemos algunhas conversas antes de chegar a ese punto, algunhas das cales utilicei no guión, e logo ultimamos o calendario da rodaxe -necesitabamos un día para organizar o loft e demais-. Era o loft dun amigo que alugamos, e houbo que reaxustalo e levantar unha parede para abrir un buraco. Tamén decidín cambiar a sensación da película para que o espectador se sitúe á luz do día, cando en realidade a violación tivo lugar de noite. Fíxeno á mantenta, para non meter de cheo ao espectador na parte narrativa da película. Despois collín o resto da metraxe, que incluía entrevistas documentais, e escribín o guion. Non é que cambiase moito, pero como foi unha rodaxe con moita improvisación, quería saber como se desenvolvería a película. Despois da rodaxe, pasei meses montándoa e presenteina ao American Film Institute, onde a aceptaron para proxectala no Kennedy Center de Washington. Sentín moi feliz!